

Entrevista con...

# SONIA VIZOSO ARES



Se hai un negocio que resulte moi abundante na zona do noso Val, ese é o da perruquería. Máis de media ducia de establecementos deste tipo se reparten entre Alfoz e O Valadouro. Semella que a arte de cortar o pelo e coidar da estética da xente é algo que lles gusta moito á xente nova e, especialmente ás rapazas, pois abundan máis as perruqueiras que os perruqueiros. E entre estes negocios da estética hai un que se atopa na parroquia de Bacoí, nun local pertencente á súa familia que atende con dedicación e con gusto. Sonia Vizoso Ares é a perruqueira de Bacoí, que abriu o seu negocio vai facer xa seis anos e que dende entón leva atendido a moita xente da súa parroquia e de fóra dela. Aínda solteira e aínda aferrada ó lugar onde naceu, hai agora 32 anos, Sonia é dese grupo de rapaces novos, tan estraños hoxe en día, que non emigran a cidades máis grandes. Actualmente na súa perruquería recibe a axuda de Yahel Rodríguez, a que fora hai algúns anos alumna do noso Instituto. Toda simpatía e amabilidade, Sonia atendeu ás nosas reporteiros e contestou ás súas preguntas con sinxeleza. Grazas, Sonia, por atendernos e boa sorte co negocio, que no mundo en que vivimos tamén fai falta.

**- Por qué razóns quixeches ser perruqueira?**

Porque é unha profesión que me gustou moito dende sempre, que dende sempre me chamou a atención. Xa dende pequena eu e as miñas amigas xogabamos a ser perruqueiras e peiteabamos ás veciñas e ás amigas.

**- Que outro traballo che gustaría realizar se non foses perruqueira?**

Non o sei. Algo máis relaxante ó mellor, porque na perruquería ás veces non é moi relaxante. Gustaríame, por exemplo, dar masaxes. O que si me gusta no meu traballo é ter contacto coa xente, aínda que ás veces ó traballares coa xente acabas media tola. En realidade acabas máis tola por traballar con tanta xente que polo que é o traballo en si.

**- Que estudos ou preparación ti-  
veches que facer para ser perru-**

**queira?**

Tiven que estudar moitas cousas. Fixen o Bacharelato, que entón chamábase BUP, e logo cinco anos de perruquería, que se coñecía como FP. Así que tiven que estudar como nunha carreira. Despois de estudar perruquería fixen o ciclo superior de Estética. Fixen tamén algúns cursiños dos que che dan as casas que venden os produtos de perruquería. Nos estudos de perruquería escollías unha especialidade. Foras por perruquería ou foras por estética era máis ou menos o mesmo. No FP de antes, que foi no que eu estudei perruquería, ensinábanche un pouco de todo; agora xa é distinto.

**- Resultouche difícil estudar perruquería?**

Non podemos dicir que sexa fácil: para todo hai que estudar. Non é por desanimar a aqueles que queiran estudar perruquería, pero teñen que saber

que para sacar ben os estudos hai que dar o callo. Aparte de estudar, tamén tes que facer moitas horas de prácticas. Unha cousa sen a outra, a teoría sen a práctica, non serve para prepararse.

**- Que foi o que máis che custou facer na túa preparación de perruqueira?**

Non sei. No que se refire ás prácticas de perruquería, non hai cousa que sexa imposible aprender. A todo lle vas collendo o truco, coa práctica é como vas aprendendo. Non hai ningún aspecto da preparación que non poidas dominar a base de practicar. Se che gusta o que fas e practicas, podes aprendelo todo.

**- Cantos anos levas traballando de perruqueira?**

Aquí, na miña perruquería de Bacoí, levo traballando seis anos, e antes xa traballara fóra outros tres, de maneira



**Aínda que poida parecer que non, o traballo na perruquería pode chegar a ser bastante pesado, sobre todo cando hai moita xente agardando para ser atendida. Por iso nunca vén mal unha axuda. Sonia sempre ten na súa perruquería de Bacoí algunha rapaza en prácticas que lle axuda no seu traballo. Cando, a principios do 2010, a visitamos para facerlle esta entrevista a rapaza que estaba traballando con ela era a que acompaña nesta foto: Yahel Rodríguez, que hai algúns anos foi tamén alumna do noso Instituto.**

que levo nove anos exercendo de perruqueira. Aínda que ó principio tamén traballei algún tempo as fins de semana para ir aprendendo o oficio.

**- En que outros lugares traballaches antes de abrir a túa perruquería en Bacoí?**

Estiven facendo prácticas de Estética nun spa de Lugo, que se chamaba *Lucus Spa* e que estaba situado no barrio de Garabolos. Un spa é algo así como traballar en balnearios e está tamén relacionado co traballo que teño agora. Nunca traballei noutros traballos que non tiveran relación con isto que estudei.

**- Que é o que máis che gusta de ser perruqueira? E o que menos?**

O máis bonito que ten este traballo é que podes desenrolar a túa curiosidade por aprender cousas novas, que podes buscar novas ideas, innovar. O peor que lle vexo tal vez sexa o barullo da xente na perruquería.

**- Dinche sempre os clientes como queren que lles amañes o pelo ou pídenche a ti ideas ó respecto?**

Algunhas veces os clientes veñen coas ideas moi claras e aínda que queiras darlles consellos non os admíten; entón hai que facer como eles digan. Noutros casos dinche: "Faiame como ti queiras" ou "Como me queda-

ría...?".

**- Animarías a outras persoas a dedicarse á perruquería?**

Si, claro que si. Ser perruqueira é un traballo bonito e do que podes vivir.

**- Por que hai máis perruqueiras que perruqueiros? Dáselles mellor ás mulleres este traballo?**

Aínda que perruqueiros é verdade que hai poucos, teño que dicir que os que hai son moi bos. No noso Val xa non quedan homes que se dediquen á perruquería, porque Roberto, o de Ferreira, hai pouco tempo que o deixou, e colleu a súa perruquería Lucía López. Penso que as perruqueiras somos algo feministas, non queremos que entren os homes no negocio. A pesar de todo temos que recoñecer que os grandes perruqueiros que hai en España son homes. Cando eu estudei o oficio había homes que estudaron comigo que eran moi bos perruqueiros. Igual que no mundo da cociña, os que levan a fama son os homes, pero as mulleres tamén estamos aí.

**- Que cousas fas na túa perruquería? Que servizos lle prestades ós clientes?**

Facemos de todo un pouco. Aparte das cousas de perruquería facemos depilacións e manicuras. En canto á estética facemos maquillaxes e pouco

máis. Non temos solarío. Os traballos que máis facemos son os de perruquería e dentro deles facemos de todo un pouco.

**- Traballas ti soa na túa perruquería ou hai outras persoas traballando contigo?**

Actualmente conto coa axuda de Yahel, que está facendo as prácticas comigo. Normalmente todos os anos teño xente facendo as prácticas no meu establecemento. As prácticas duran tres meses e as persoas que fan esas prácticas están aprendendo o oficio comigo e, ademais, axudándome no traballo. E a miña familia, claro, tamén me axuda.

**- Que tipo de xente vén á túa perruquería: xente nova, maior, homes, mulleres...?**

Teño clientes de todos os tipos. A maioría son de mediana idade, pero xente nova tamén vén moita. Non sei, tal vez os que máis veñan sexan os novos. E tamén veñen homes; ós homes xa lles empeza a gustar amañarse tanto como ás mulleres, sobre todo entre a xente nova. Hai algúns anos eran as mulleres as que máis se amañaban na perruquería, pero agora xa case o fan por igual. Se miramos ó pasado, vemos que hai anos nin os homes nin as mulleres se amañaban tanto como se amañan agora: as mulleres poñían o pano na cabeza e xa non necesitaban amañar o pelo.

**- Pídenche os clientes traballos moi sofisticados?**

Normalmente non me piden cousas raras, pero cada vez se lles nota que se coidan un pouco máis, e pídenche que lles amañes as patillas de determinada forma, queren depilarse, etc. A xente xa se empeza a coidar máis.

**- Por que puxeches a túa perruquería en Bacoí e non nunha vila grande?**

En principio, foi moi importante o local no que está a perruquería, pois era xa meu. Ademais, en Bacoí, que é onde eu vivo, coñezo máis xente que por outros sitios. Antes de abrir o negocio mirei algo por Burela, por exemplo, a ver se compensaba abrir alí a perruquería, pero dinme conta de que onde máis oportunidades tiña de traballar era aquí, en Bacoí, na miña parroquia, que é onde máis xente coñezo. Penso que é mellor así, que non compensa ir a outro sitio onde non te coñezan, aínda que sexa en Ferreira.

**- Pensas ampliar o negocio ou mudarte a un local mellor, nunha cidade ou vila, por exemplo?**

Non. Estou moi a gusto aquí e non penso cambiar. Moito me teñen que cambiar as cousas para cambiar de local. Seguirei mentres non me boten ou non me suban o aluguer (*rise cara á súa nai*). Non hei atopar sitio mellor que este, preto da familia. A pesar de todo, estar aquí, preto da xente que coñeces, ten tamén outros inconvenientes, como, por exemplo, que che veñan toar o timbre para que os atendas mentres estás comendo, ou ás nove da noite... De todos modos, atópome a gusto onde estou agora.

**- Paréceche que o negocio da perruquería é un negocio rendible, co que se pode gañar moito diñeiro?**

O negocio da perruquería é rendible, é dicir, dá para vivir. O rendimento

que che dea depende de como te organices ti no negocio e do que traballes, porque traballar hai que traballar en todos os oficios.

**- Non che parece que hai demasiados negocios de perruquería en Alfoz e no Valadouro, que con tanta competencia non se pode gañar moito?**

Hai bastantes perruquerías no Val, a verdade é que si, pero eu penso que aínda podería haber máis, posto que todas as perruquerías van tendo xente abondo, e iso que son arredor de sete perruquerías as que hai no Val. Ademais, non só traballamos con xente de aquí, senón que tamén nos veñen clientes doutros sitios.

**- Ti peiteas á xente, pero peitéaste a ti mesma?**

Normalmente peitéome eu mesma, pero hai ocasións en que teño que andar buscando a outra persoa que me peitee, como, por exemplo, a miña axudante. Tamén houbo veces nas que tiven que ir cortar o pelo a outras perruquerías, porque cortalo unha mesma é algo moi difícil.

**- Que afeccións tes para o tempo libre?**

Cando teño tempo libre escapo de aquí. Voume ver monte sempre que podo. Nas fins de semana marcho o sábado ó mediodía e non volvo até o domingo á noite.

**- Que tres cousas levarías a unha illa deserta?**

Levaría algo de comer, algo de beber e... Non sei... Un protector solar.



O noso Equipo de Redacción ten moitos compoñentes. Nesta ocasión as dúas xornalistas encargadas de visitar Bacoí para entrevistar a Sonia foron Sara Bouso e Eva Campos, ás que vemos nesta última foto xunto a Sonia, despois de facerlle a entrevista. Contestounos con moita amabilidade, pero cun pouco de présa, porque era primeira hora da tarde e as clientas xa comezaban a chegar. Entre preguntas e bromas continuou contestándonos mentres xa Yahel comezaba a atender ás primeiras clientas. Entre estas puidemos ver tamén a outras ex-alumnas do IES Alfoz-Valadouro, clientas habituais da perruquería de Sonia. Porque, segundo nos contou Sonia, non hai cousa mellor que ter o negocio onde un vive: alí coñece máis xente e alí ten, ademais, á súa familia. Boa sorte a Sonia coa súa perruquería. E tamén a Yahel, claro.